

# DEUS FIXO E SEGUE A FACER A COTÍO INMERSIÓN NA LINGUA GALEGA

## “DEUS TAMÉN FALA GALEGO E ASUMIU A NOSA FALA”.

XAQUÍN CAMPO FREIRE.XOVES 09 DE MAIO DE 2024

PUBLICADO EN: GALICIA DIGITAL.- 17-05-2024 - LETRAS GALEGAS.

Xesús! Entendes Ti a fala que eu falo dês que nacín?

No colo da miña nai alí aprendín a falar. E nesta fala melosiña eu aprendín a rezar.

Meu Señor e meu Deus! Estes días cumpro anos. Moitos anos: "Tómame a min coa miña historia, Señor". E por iso, desde Roca, a miña aldea natal, na nosa fala galega, vai para Ti, meu Deus, hoxe e sempre, esta oración persoal:

E loado sexas, Ti, meu Señor, por seres Palabra encarnada. Feito fala e feito carne: carne e fala de pobres, de pobres en propia carne. **Sen fala**, por sermos nós mesmos, en persoa, **unha palabra negada**. Palabra de Deus, Deus-Palabra. Para quen nós non temos palabra, porque aínda hoxe na igrexa, Xesús, **aínda temos e estamos coa nosa fala afogada**.

Por te faceres palabra pobre coa túa Palabra afogada, Ti sabes en carne propia, canto doe ser tratados coma seres **sen Palabra**. Por seres Palabra de Deus, palabra solidaria con pobres, **sen fala**, loado sexas Ti, meu Deus.

Nacermos, vivir e morremos como alleos! **Sen palabra!** Ao negárenos **nacer, vivir e morrer**, aínda hoxe, na nosa propia fala: **Sen Palabra!**

A Túa praxe non foi esa: **Ti devolvícheslle ao pobo e aos pobres a Palabra e a Fala.**

**Que a tiñan secuestrada, prohibida e afogada. Estaban sen palabra.**

Tampouco, na sociedade civil, **hoxe e aquí, na nosa Galiza actual**,

nas institucións oficiais, que teñen obriga de promover e velar polo patrimonio espiritual, o máis nidío da nosa herdanza sagrada,

non vemos máis que traizón, mal exemplo de ética e sen un respecto exemplar.

Se a fala do noso pobo aínda está viva, vizosa e non desapareceu, é pola heroica resistencia dun pobo que **non aceptamos ser unha comunidade sen dignidade, sen fala, enmudecidos, sen palabra.**

Loado sexas, noso Señor Xesús-Cristo: por seres o Deus da Palabra, unido a un pobo humillado, que incluso desde o silencio non cala, resiste e fala.

En Ti tomamos exemplo da nosa razón máis sagrada:

**SERMOS UN POBO CON FALA E CON PALABRA FALADA.**

E así, noso Señor, cando Ti desde a Cruz, co Pai amoroso falas, escoitas, gritas calas,...

**EN TODAS AS FALAS, FALAS.** E sei que, coma nós, pobo galego, **en galeguiño a Deus lle falas.**

E ao falares Ti galego, moitas cousas nos aclaras: Que **no Día das Letras Galegas**, Ti connosco tamén ris, danzas, bailas, cantas, choras, morres, **falas.**

**E TI CONNOSCO CELEBRAS A FESTA DA NOSA FALA.**

Morriñas de ausentes galegos chegan de lonxe a cotío.

Desde todas as Galizas e desde a miña casiña, vaia para Ti, meu Señor, un alalá xeitosiño:

Loado sexas Señor! Sexas loado Deusíño. **porque non calas. E desde os berros do silencio: FALAS**

Deus, Paiciño do ceo: Polo don da lingua nosa, polo Espírito glorioso que todas as linguas falas, e por seres Ti Palabra na nosa bendita fala: TRINDADE SANTA BENDITA POR SEMPRE SEXAS LOADA. AMÉN.

**"DEUS TAMÉN FALA GALEGO": "FÍXOSE VERBO". "E ASUMIU A NOSA FALA". (Evanxeo de S. Xoán 1).**

**"FALA COMA NÓS, POR SERMOS POBO DE DEUS, QUE NOS AMA".**

**XESÚS DE NAZARÉ FIXO INMERSIÓN NA LINGUA, NA LINGUAXE E NA FALA COMÚN DO POBO. E EL ENDEXAMAIS CLAUDICOU. O COLO DA TÚA NAI FOI PARA TI, GALILEO.**

### A PRIMEIRA GAL-ESCOLA.

#### Citas de autoridade:

- Bispo M.A. Araújo Iglesias, *A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega*, Sept.1975.

- *Concilio Pastoral de Galicia*, Revista Lumieira, A CORUÑA 1996:

. (1ª ETAPA) "*Ministerio da Palabra*", 25-07-1974.

. (3ª ETAPA) "*A Liturxia renovada na pastoral da Igrexa*", 24 08-1976.